

**PRORROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A
XESTIÓN COMPARTIDA-AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DO
SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE
GALEGA (Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se
crea a rede galega de atención temperá)**

No día da data da sinatura dixital do presente, e aos efectos da formalización da prórroga do CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA-AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA (Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a rede galega de atención temperá), **INTERVEÑEN**,

Dunha parte **D. RAFAEL CARLOS SISTO EDREIRA**, con DNI nº 33252651X, alcalde do Concello de Teo.

Doutra parte **D. JOSÉ BLAS GARCÍA PIÑEIRO**, con DNI nº 52454964Z, alcalde do Concello de Ames.

Interveñen en representación dos Concellos citados, en virtude do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) e artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).

Ambas partes actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense con capacidade para obrigarse nos termos do presente e, para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- O Pleno do Concello de Ames, na sesión ordinaria do 2 de setembro de 2021, acordou aprobar a encomenda de xestión no Concello de Teo para a prestación do servizo de atención temperá e aprobar o Convenio a asinar co Concello de Teo que materializa dita encomenda.

O Pleno do Concello de Teo, na sesión ordinaria do 29 de setembro de 2021, acordou aceptar a encomenda de xestión do Concello de Ames para a prestación do servizo de atención temperá e aprobar o correspondente Convenio.

Segundo.- En execución dos citados acordos, con data de 11 de outubro de 2021 asinouse entre o Concello de Ames e o Concello de Teo o “CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA-AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA (Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a rede galega de atención temperá)”.

Terceiro.- Segundo a cláusula décima do Convenio, referida á vixencia do mesmo, o Convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia durante a totalidade do período de execución sinalado no anexo e ata que transcorra o prazo establecido no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Segundo o anexo ao Convenio, o prazo de execución do servizo respecto do que se solicita a subvención abrangue dende o 1 de novembro de 2021 ata o 31 de outubro de 2022.

Cuarto.- O Pleno do Concello de Teo, na sesión ordinaria do 28 de setembro de 2022, e o Pleno do Concello de Ames, na sesión ordinaria do 29 de setembro de 2022, acordaron prorrogar por un ano o CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA-AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA (Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo

que se crea a Rede galega de atención temperá), dende o 1 de novembro de 2022 ata o 31 de outubro de 2023, facultando aos respectivos alcaldes para a realización das actuacións precisas para a execución do acordado.

De acordo co exposto, ambas partes asinan o presente documento de formalización da prórroga do Convenio conforme ás seguintes:

CLAUSULAS

Primeira.- Prorrogar por un ano o CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA-AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA (Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá), dende o 1 de novembro de 2022 ata o 31 de outubro de 2023.

Segunda.- O resto das cláusulas do Convenio, asinado o 11 de outubro de 2021, permanecen inalterables, manténdose vixente na súa totalidade.

Alcalde do Concello de Teo

Alcalde do Concello de Ames

Rafael Carlos Sisto Edreira

José Blas García Piñeiro